

HOMENAXE A ERNESTINA OTERO SESTELO, PROFESORA DA ESCOLA NORMAL DE MAXISTERIO DE PONTEVEDRA

Saudos á familia, representantes institucionais...

Hoxe Pontevedra comeza a salvar unha débeda co seu pasado, na figura da mestra e pedagoga Ernestina Otero Sestelo, que tantos exemplos de intelixencia, de xenerosidade e compromiso nos deu, e que hoxe recibe o recoñecemento da que foi a súa cidade de adopción durante máis de 30 anos.

Desde que chegara a Pontevedra en 1904, con só catorce anos, procedente da súa Redondela natal, para estudar na Escola Normal, aquela rapaza miúda e valente conseguiu superar todos os atrancos dunha realidade moito mais discriminatoria ca a actual, romper os estreitos moldes en que a sociedade de comezos do século XX recluíu as mulleres, e desenvolver unha actividade social e profesional deslumbrante, marcada pola procura incansábel da xustiza social, do avance do ensino público, da loita pola igualdade das mulleres.

Anos máis tarde, a partir de 1915, Ernestina volta á Boa Vila para converterse en profesora da Escola Normal. A partir deste momento, participa activamente nunha das épocas de maior dinamismo da cidade e impulsa iniciativas e proxectos pedagóxicos que deixarían unha profunda pegada en Pontevedra, no seu alumnado e nas escolas de toda a provincia.

A intelixencia e a capacidade de traballo de Ernestina Otero desplegaríase con toda a plenitude nos anos 30, nos tempos da II República, cando chegou a asumir a dirección da Escola Normal de Maxisterio e a Presidencia do Consello Provincial de Primeiro Ensino.

Naqueles anos vizados, Ernestina puxo o seu talento ao servizo do avance do ensino: promoveu a asistencia ás escolas, sobre todo das nenas, coa creación de comedores e roupeiros escolares; impulsou a construción de escolas e a educación de persoas adultas; cooperou cos concellos na utilización de campos agrícolas experimentais e dos

talleres artesanais; fomentou o estudo das características históricas, xeográficas e culturais de Galiza.

Este compromiso co país levouna a asinar en febreiro de 1933 o *Manifesto dos intelectuais galegos en favor do Estatuto de Autonomía*. Na relación de asinantes, só había dúas mulleres, Ernestina Otero e a inspectora María Cruz Pérez.

A partir de xullo de 1936, o maxisterio –coma outros sectores da sociedade- sofre de maneira directa e brutal a persecución franquista. As formas da represión serán obxecto de análise detallada no simposio que vai ter lugar mañá e pasado na Casa das Campás, mais cómpre lembrar que Ernestina Otero, como grande parte da súa familia, convertiuse en obxectivo dos golpistas.

Comeza entón un calvario familiar marcado pola expulsión do seu posto de traballo, a degradación profesional, a exclusión, o desterro. Naqueles tempos escuros, onde o máis cómodo sería claudicar, rendirse, achantar, baixar a cabeza, Ernestina Otero escolleu o camiño da dignidade.

Malia a persecución que sofren ela e a súa familia, as dificultades de saúde, os ataques á casa e á botica familiar pola súa falta de adhesión ao rexime, a súa vida seguiu marcada pola solidariedade e o compromiso. Disto saben ben os presos de San Simón e do cárcere de Vigo, e moitas familias de represaliados que sempre tiveron perto a man amiga e o apoio de Ernestina e a súa familia.

Cando volta a Pontevedra en 1951 -despois dun longo e amargo desterro de máis de 10 anos en Ourense-, son outros tempos para ela e para a cidade. Malia o desgaste provocado polas adversidades, pola persecución política e a débil saúde, ela marcaba a diferenza nunha Escola de Maxisterio onde rexía a separación por sexos e había programas diferentes para os mozos e as mozas.

Hoxe Ernestina Otero volta a Pontevedra e faino pola porta grande da historia e da memoria colectiva. Esta homenaxe de hoxe é só un primeiro chanzo dun recoñecemento institucional e social que se irá ampliando con outras propostas, co fin de manter sempre acesa a súa luz de muller excepcional e pedagoga exemplar.

Nestes tempos en que parece que camiñamos para atrás, en que están ameazados dereitos e avances que tanto custou conquistar, precisamos recuperar o exemplo de persoas íntegras coma Ernestina Otero.

Pronunciando o seu nome, expresamos simbolicamente o recoñecemento e a gratitude que merecen todas as que coma ela se entregaron á causa da dignidade, da xustiza, da igualdade, dos dereitos das mulleres; que o fixeron asumindo un grande sacrificio persoal; e que durante moito tempo permaneceron relegadas e silenciadas.

Hoxe, neste acto de homenaxe institucional e cidadá a Ernestina Otero, proclamamos o orgullo de que forme parte da mellor historia da nosa cidade, e expresamos o compromiso de seguir traballando para que se cumpran as arelas polas que loitou ao longo da súa vida.

Moitas grazas